



Á

MESA DO PARLAMENTO GALEGO

Ramón Vázquez Díaz, Xabier Ron Fernández e Yolanda Díaz Pérez, integrantes do **grupo parlamentar da Alternativa Galega da Esquerda**, ao abeiro do recollido no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión IV**, relativa ao Real Decreto 1393/2007 do 29 de Outubro, que establece o ordenamento das ensinanzas universitarias oficiais, mais coñecido como Real decreto 3+2.

O Consello de Ministros do pasado 30 de Xaneiro, aprobou o Real Decreto 1393/2007 de 29 de Outubro que establece o ordenamento das ensinanzas universitarias oficiais, mais coñecido como Real decreto 3+2.

A norma, que permitirá ás universidades implantar carreiras de tres anos de grao e dous de máster ademais do sistema actual de catro anos de grao máis un de máster, foi aprobada pese o ditame negativo emitido polo Consello de Estado, por riba da manifesta oposición da Conferencia de Reitores e Reitoras (CRUE), sen o debate coa comunidade universitaria, sen debate político nin social, sen unha avaliación da implantación da última modificación legislativa dos novos graos e sen unha xustificación crible do seu contido.

Trátase na práctica dun Real Decreto, que nos retrotrae á anterior estrutura de Diplomatura e Licenciatura e supón decretar o fracaso do 4+1, sen ningún tipo de avaliación diagnóstica sobre os seu resultados e funcionamento. O informe aprobado pola sectorial da CRUE no pasado mes de xullo, non deixa lugar a dúbidas sobre as tensións organizativas que este cambio vai provocar nos Sistema Universitarios de todo o Estado.

Coa nova norma, os Graos pasan a ter un carácter "básico" e "xeneralista", como explica o mesmo decreto. É dicir, que non serán suficientes para adquirir a cualificación imprescindible para desempeñar unha profesión de alta cualificación no terreo laboral da avogacía, o xornalismo, a enxeñaría, etc... Para obter esa cualificación "especializada" - segundo o texto do decreto- será necesario cursar un máster que pasará da duración actual dun ano a dous anos, o cal fará que se duplique o seu prezo. Se actualmente os másters dun ano oscilan entre 2.700 e 7.000 euros anuais, co novo Real Decreto haberá que afrontar o pago de dous anos de máster que suporá entre 5.400 e 14.000 euros para poder obter un título universitario.

Por outra banda establécese un novo recorte no financiamento público dos estudos universitarios, pasando de subvencionarse primeiro os cinco anos de carreira, despois só catro, e agora unicamente tres anos de grao, trasvasando ás familias o custo global dos Máster e beneficiando ás universidades privadas, que apostan polos posgraos como o seu principal ámbito de actividade.

O Consello de Estado sinala ademais no seu ditame, que semella difícil acadar a homoxeneización pretendida polo Ministerio co citado Real Decreto, cando dentro do noso propio país, podería darse o caso de que un mesmo título tivese unha duración diferente en cada Universidade ou que mesmo podan convivir títulos de 3 anos cos de 4 anos e tamén coas antigas Licenciaturas de 5 anos.

Estamos ademais diante dunha "reforma encuberta" do sistema universitario a través de tres novos Reais Decretos que supoñen a modificación non só da ordenación dos ensinos universitarios, senón tamén dos requisitos para a creación de centros universitarios, para facilitar a apertura de novas universidades privadas e para modificar o sistema de acreditación do profesorado universitario.

Un sistema Universitario que ve cuestionada a súa viabilidade polos gobernos do Partido Popular despois de ter sido sometidos a un continuado proceso de estrangulamento orzamentario que no caso de Galicia, alcanza unha diminución de mais de 50 millóns de euros de recursos públicos nos últimos cinco anos que está obrigando a acometer estritos plans de axuste aos Campus Universitarios Galegos.

Por estes motivos o Grupo Parlamentar de Alternativa Galega de Esquerda, presenta a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión:

-Ten pensado o Goberno galego, facer súas as recomendacións da Conferencia de Reitores e Reitoras (CRUE) e demandar a retirada do Real Decreto 1393/2007 do 29 de Outubro que establece o ordenamento das ensinanzas universitarias oficiais, máis coñecido como Real decreto 3+2, tendo en conta as súas nefastas consecuencias para o Sistema Universitario de Galicia?

En Compostela, a 11 de marzo do 2015.

Asdo. Ramón Vázquez Díaz

Asdo. Xabier Ron Fernández

Asdo. Yolanda Díaz Pérez

Asinado dixitalmente por:

Jose Javier Ron Fernandez na data 11/03/2015 12:34:27

Yolanda Díaz Pérez na data 11/03/2015 12:34:31



Ramón Vázquez Díaz na data 11/03/2015 12:34:35